

## I CONCURSO DE VIÑETAS DÍA INTERNACIONAL DA MULLER DO CIM DE ARZÚA

No marco dos actos conmemorativos do 8 de Marzo, Día Internacional da Muller, o Centro de Información á Muller (CIM) de Arzúa convoca o *I Concurso de Viñetas Día Internacional da Muller* co obxecto de concienciar sobre as actitudes e estereotipos sexistas que perviven na nosa sociedade. O concurso desenrolarase de acordo as seguintes bases:

**1.- OBXECTO:** Empregar o humor gráfico para rescatar nunha ollada a realidade que nos asola, tratando de utilizar esa dose de humor como revulsivo contra as actitudes discriminatorias e sexistas cara a muller.

**2.-TEMA:** As viñetas farán referencia a calquera situación na que o feito de ser muller resulte determinante. Como orientación pódense propoñer: sexismo na linguaxe, na publicidade, no reparto de responsabilidades domésticas e familiares, na elección de profesións, nos salarios e na educación; a discriminación no traballo, o acoso sexual, roles asignados a mulleres, problemática social, maltrato, ...

**3.- CATEGORIA:** única.

**4.- PARTICIPANTES:** Poderá participar calquera persoa, de maneira individual, e sen límite no número de traballos presentados, tendo en conta que cada participante poderá optar a un único premio.

**5.- CONDICIÓN:** Os traballos presentaranse de acordo cos seguintes puntos:

-Técnica: debuxo monocromo. Soporte libre

-Formato: Tamaño DIN A4 (21 x 29,7 cm) máximo, DIN A5 (14,8 x 21 cm) mínimo. Unha única páxina por traballo ou historieta, que conterá dende unha única viñeta ata un máximo de 4 enlazadas (tira cómica cun fio condutor)

-Idioma: galego ou español (reservándose os dereitos de poder traducilo o galego)

-Os traballos deben ser orixinais e inéditos, non tendo sido premiados ou publicados con anterioridade.

-Valorarase a orixinalidade, creatividade gráfica, calidade técnica e combinación da linguaxe visual e texto (integración da potencia visual e narrativa)

-Os orixinais que se presenten quedarán en propiedade do CIM de Arzúa e publicaranse sempre coa sinatura do autor.

**6.- PRESENTACIÓN:** Cada traballo presentarase nun sobre cerrado. No exterior do sobre indícarase *I Concurso de Viñetas Día Internacional da Muller* e o pseudónimo (así como o número de traballo en caso de presentar varios), e remitiranse a dirección do CIM:

Concello de Arzúa  
Rúa Santiago, nº 2 ARZÚA  
15810 A CORUÑA

Dentro de dito sobre incluírase outro, cerrado, co pseudónimo no exterior (e o número de traballo en caso de presentar varios) e no seu interior o nome, apelido, fotocopia do D.N.I., dirección e teléfono da autora ou autor.

**7.-PRAZO:** O prazo de presentación dos traballos finalizará ás 13:00 horas do sábado 3 de Marzo de 2007 entregándoos en man e o 28 de febreiro de 2007 enviándoos por correo certificado ó CIM de Arzúa.

**8.- PREMIOS:** O primeiro premio está dotado de 600 €, o segundo de 300 € e o terceiro unha figura de Sargadelos, podendo declararse deserto calquera deles. Cando a contía do premio, individualmente considerada exceda a cantidade de 300 €, levará consigo a retención do 15% en concepto de IRPF, de acordo co previsto no Real Decreto 1778/2004, do 30 de xullo, polo que se aproba o Regulamento do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas.

A entrega do premio terá lugar o 8 de Marzo, Día Internacional da Muller, e a resolución do concurso darase a coñecer ós premiados con, polo menos, 2 días de antelación.

**9.- XURADO:** Estará composto por persoal do CIM, membros de entidades culturais e educativas do Concello de Arzúa, así como por unha persoa de recoñecido prestixio no mundo da banda deseñada, cuxo voto contabilizarase como dobre no caso de que as votacións do xurado rexistren un empate.

**10.-** A participación neste concurso implica o recoñecemento e aceptación destas Bases e da interpretación que delas faga o Xurado convocado a tal efecto.

**11.-** A concesión do premio imputarase á partida orzamentaria 326.489.07 do vixente orzamento municipal para o exercicio 2007.

Arzúa, 8 de febreiro de 2007.  
A Concelleira de Muller